

**NOVOS CINEMAS. FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA DE PONTEVEDRA** celebrárase na cidade de Pontevedra, Galicia (España), do *28 de xuño ao 3 de xullo do 2016*, e ten como finalidade principal detectar e difundir o talento cinematográfico dos cineastas emerxentes, poñendo especial énfase no cinema de carácter autoral.

## ADMISIÓN DOS FILMES A CONCURSO

O festival terá unha única sección competitiva, de ámbito internacional. Poderán concursar todas aquelas **longametraxes** (a partir de 60 minutos) que supoñan a primeira ou segunda obra dos seus realizadores.

Serán admitidos todos os **traballos producidos, ou cuxa estrea mundial tivese lugar, a partir do 1 de xuño de 2014**; sempre que non fosen estreados comercialmente en España, nen exhibidos en circuitos de televisión públicos ou privados no momento da súa inscrición a concurso<sup>1</sup>.

O período de admisión de filmes (DEADLINE) extenderase ata o **15 de abril de 2016**.

## INSCRIPCIÓN

1. A inscrición realizarase mediante o envío dun **enlace privado** do filme ao seguinte enderezo electrónico<sup>2</sup>, proporcionando o correspondente contrasinal de visionado de ser necesario : [programacion@novoscinemas.com](mailto:programacion@novoscinemas.com)
2. Indicar no asunto do mail o "**Título + Director/a do Filme**".
3. Para o seu visionado os filmes deberán estar **subtitulados en español ou inglés**, sempre que o idioma orixinal sexa outro que galego, español ou inglés.
4. Xunto ca copia do filme requirirase o correcto cumprimento e envío (no mesmo e-mail) da **Ficha de Inscrición** que se atopa no seguinte enderezo: <http://www.novoscinemas.com/app/uploads/2016/02/FICHA-INSCRIPCION-NOVOSCINEMAS.pdf>
5. A organización do festival informará vía e-mail, aos inscriciónes se as súas obras foron seleccionadas.

---

<sup>1</sup> Novos Cinemas resérvase o dereito a establecer excepcións en base a criterios de programación.

<sup>2</sup> En caso de non poder realizar o envío mediante enlace de visionado, escribir un correo indicando o particular a: [programacion@novoscinemas.com](mailto:programacion@novoscinemas.com)

## XURADOS e PREMIOS

O festival NOVOS CINEMAS concederá tres premios:

1. Un *Xurado Internacional* outorgará o Premio NOVOS CINEMAS á mellor longametraxe.  
Este xurado, se así o considerase, pode conceder máximo dúas Mencións Especiais sen que as mesmas comporten unha dotación económica.
2. Un xurado composto por un grupo de estudantes universitarios pertencentes ao Campus de Pontevedra, seleccionados pola organización do festival, outorgará o Premio XURADO NOVO "SCREENLY".
3. Finalmente, mediante a participación e o concurso dos espectadores (media ponderada de votacións e asistentes), outorgarase o Premio do PÚBLICO "CINEMAS DE GALICIA".

A decisión destes xurados é inapelable.

Os detalles dos premios<sup>3</sup> son os que seguen:

- a. **Premio NOVOS CINEMAS** á mellor longametraxe: 2.000 €. <sup>4</sup>
- b. **Premio XURADO NOVO "SCREENLY"**.  
Este premio ten como finalidade axudar á distribución do filme gañador desta categoría incluíndoo no catálogo da plataforma de *proxeccións baixo demanda* Screenly (<https://screen.ly>) e apoiando a súa promoción na mesma.
- c. **Premio do PÚBLICO "CINEMAS DE GALICIA"**, en colaboración con AGADIC.  
Como axuda á distribución, incluíndo o filme premiado nesta categoría na rede de salas públicas para a exhibición cinematográfica "Cinemas de Galicia" impulsada pola AGADIC e apoiando a súa promoción.

---

<sup>3</sup> Os premiados poden acollerse ao seu dereito de renunciar aos premios sempre que así o comuniquen a NOVOS CINEMAS.

<sup>4</sup> Que se entregarán a quen inscribira o filme como seu representante legal.

Á dotación económica dos premios aplicaráselle a devandita retención fiscal estipulada pola lexislación vixente en España.

## ENVIO DOS FILMES PARA A SÚA EXHIBICION

No caso de ser seleccionados para participar no festival os inscriptores deberán ter en conta que:

1. Os gastos de envío das copias para a súa participación no certame serán aboados por NOVOS CINEMAS; mentres que a devolución dos filmes correrá a cargo dos seus propietarios representantes.
2. NOVOS CINEMAS aceptará os seguintes formatos de exhibición: DCP ou Arquivo Dixital (MP4 ou MOV, 1080p ou 720p). Se así o considerase, a organización do festival aceptará formatos analóxicos (35mm., 16mm.), domésticos (Blu-ray) ou aqueles que poida considerar pertinentes.
3. Se a lingua orixinal do filme non é o inglés, éste deberá conter subtítulos nesta lingua.
4. Co gallo de levar a cabo un óptimo proceso de promoción NOVOS CINEMAS solicitará o envío do material necesario para a elaboración do Catálogo do Festival así como labores de promoción das súas actividades (prensa escrita, web, redes sociais, etc.). Ao formalizar a inscrición o inscriptor ou representante legal do filme comprométese á cesión dos dereitos de exhibición destes materiais promocionais a todos aqueles medios de comunicación audiovisual que o equipo de NOVOS CINEMAS considere pertinente.
5. As copias para exhibición, o cartaz do filme así como toda aquela documentación de difusión que os representantes consideren relevantes, deberán ser remitidos antes do día **1 de xuño de 2016**.

## ACEPTACIÓN DAS BASES e CESIÓN DE DEREITOS

A inscrición no festival NOVOS CINEMAS implica a aceptación e cumprimento destes requisitos aquí presentados e supón que o inscriptor ou representante legal do filme autoriza a NOVOS CINEMAS a exhibir públicamente o filme presentado a concurso.

Unha vez aceptada a invitación á participación no festival, un filme non poderá ser retirado da competición.

A organización de NOVOS CINEMAS se reserva o dereito de facer excepcións puntuais a estas bases por forza causa maior.

Para calquera outra información, comunicarse no mail:

[info@novoscinemas.com](mailto:info@novoscinemas.com)